

2



Ollos abertos

A presenza do mal

Hai moitas cousas boas e positivas no noso mundo. Pero hai outras moitas negativas, que nos dan pena e nos resultan difíciles de entender.

- **Temos un mundo fermoso...**

- **Gústanos a paz e a amizade...**

- **Queremos facer o ben...** Pero ás veces non somos capaces:
 -
 -

▶ Pensamos en nós e na xente do noso arredor

- ¿Que comportamentos coñeces coma estes?
- ¿Por que cres que esas persoas obran así?
- ¿Pásanos a nós algo parecido?

Comportamentos ao noso arredor	Nós mesmos
■	■
■	■
■	■

Todo isto fainos sufrir e impídenos ser felices.



Mirada penetrante

A enfermidade do egoísmo

Ao contemplar a presenza do mal, preguntámonos: ¿Por que suceden estas cousas? Hai unha resposta: Entrou no mundo e no corazón das persoas o egoísmo.

- **A persoa egoísta**

-
-
-
-
-

► Fixámonos en nós mesmos:

- ¿Como me afecta a min a enfermidade do egoísmo?
- ¿Cal é o meu estado nese sentido?

Grave
Irrecuperable
Fóra de perigo


Leve
Évoluciona favorablemente
Empeora día a día



Oídos atentos

Deus quería a felicidade de todos. A Biblia, a través de exemplos e comparacións, cóntanos o que sucedeu cando o ser humano se pechou ao amor e foi vencido polo egoísmo.

A través da imaxe “comer o froito da árbore”, exprésase a desobediencia a Deus e o desexo de “ser coma El”.



- O Señor Deus deulle esta orde ao home:
- Podes comer do froito das árbores todas do xardín, pero da árbore do coñecemento do ben e do mal non comerás, pois en canto comas dela, de contado morrerás...
A serpe insistiu:
- Non morreredes. É que ben sabe Deus que o día en que comades dela, abriránsevos os ollos e seredes coma Deus, sabedores do ben e do mal. (Xén 2,16-17; 3,4-5)



A través do relato de Caín e Abel, dísenos como o egoísmo leva á envexa, á violencia e á morte.



- Caín falou con seu irmán. E cando saíron fóra botouse contra el e matouno.
O Señor preguntoulle a Caín:
- ¿Onde está Abel, teu irmán?
Respondedeu el:
- Non o sei. ¿Ou son eu garda de meu irmán? (Xén 4,8-9)

O relato reflicte que a natureza se volve agresiva e difícil de cultivar.



- O Señor Deus díxolle ao home:
-Por culpa túa será maldita a terra: con traballo tirarás dela a túa mantenza mentres vivas; xermolarán para ti cardos e espiñas... Comerás o pan coa túa suor. (Xén 3,17-19)

Desexa comportarse ben, pero cústalle e moitas veces fai o mal, aínda que non o quixera facer.



- Non fago o ben que quero; senón que fago o mal que non quero. (Rom 7,19)

Así, por esa desobediencia do ser humano, todos nacemos inclinados ao mal, incapaces polas nosas soas forzas de vivir en amizade con Deus. Isto é o pecado orixinal, co que todos vimos a este mundo.



Por un só home entrou o pecado no mundo. (Rom 5,12)

Pero non todo está perdido. Deus non abandona ao ser humano; séguelo querendo e continúa ofrecéndolle a súa amizade.

- ▶ Completa estas frases coas palabras que se indican abaixo:

Polo pecado a persoa humana quedou _____ de Deus.
Fíxose _____ coas demais persoas. É _____ moitas veces polo mal, e facer o ben resúltalle _____. A natureza en moitos momentos resúltalle _____. Pero o ser humano non queda _____. Deus continúa ao seu carón para _____.

inimiga - egoísta - abandonado - vencida - afastada - difícil - axudarlle



Memoria esperta

Rexeitamos a amizade de Deus

A Igrexa invítanos a gardar sempre na memoria que a amizade con Deus é algo moi importante para o ser humano. Se a rexeitamos, perdemos o camiño de felicidade que El nos ofrece.

- **¿Como respondeu o ser humano ao proxecto de Deus, que lle ofreceu a súa amizade?**

- **¿Que é o pecado?**



A amizade con Deus

A amizade con Deus é algo moi importante. Debemos coidala, apreciala e procurar non rompela nunca.

■ Apreciar o que Deus nos deu

Queremos esforzarnos para...

– Estar preto de Deus.

–
–
–
–

– Seguir as súas orientacións para facer sempre o ben.



■ Usar ben o que Deus nos deu

Non queremos que o egoísmo entre en nós e nos domine.

Queremos usar ben todo o que Deus nos deu:

A intelixencia •

O corazón •

Os ollos •

Os oídos •

A boca •

As mans •

Os pés •

• Para axudar e facerlles ben aos demais.

• Para descubri-lo nos demais e na natureza.

• Para falar con El, para ter palabras de verdade e dozura.

• Para escoitar a súa Palabra e estar atento aos demais.

• Para pensar nel e no ben dos demais.

• Para seguir o camiño que El nos ensina.

• Para que o amemos de verdade e tamén aos demais.

► Une con frechas as palabras da esquerda coas frases correspondentes da dereita.